



XI Trail e Andaina de Orientación de Ledoño (Culleredo) – 22 de Decembro de 2024

REGULAMENTO DA PROBA

HORARIOS DA PROBA

Saída do trail-running curto e longo con orientación: 10:00 horas (o horario de secretaría para recoller os dorsais e tarxeta de control comeza ás (8:30 e remata ás 9:30)

Saída da andaina con orientación: Inmediatamente despóis da saída do trail-running.

MATERIAL RECOMENDABLE TRAIL RUNNING

- Mochila de hidratación ou bidón.
- O compás aínda que non é obrigatorio si é moi recomendable.

MATERIAL OBLIGATORIO TRAIL RUNNING

- Cortaventos (dependendo do tempo que faga o día da proba poderá decidirse por parte da organización que non sexa material obligatorio)
- Teléfono móbil acendido o cal facilitarase á organización no momento da inscrición

MATERIAL RECOMENDABLE ANDAINA

- O compás aínda que non é obrigatorio si é moi recomendable

MATERIAL OBLIGATORIO ANDAINA

- Cortaventos (dependendo do tempo que faga o día da proba poderá decidirse por parte da organización o non ser material obligatorio)
- Teléfono móbil acendido o cal facilitarase á organización no momento da inscrición

NORMATIVA ANDAINA

- 1.- Poderán participar menores de 12 anos a condición de que vaian acompañados dos seus pais, titores legais ou persoa adulta autorizada. A autorización para participar os menores farase automaticamente ó inscribirse na plataforma de tracktherace.com.
- 2.- O mapa será entregado pola organización antes do inicio da proba.
- 3.- Baixo ningún concepto poderanse tirar no monte envoltorios de barritas, xeles, etc.
- 4.- No percorrer da proba por estradas asfaltadas o participante observara a normativa de circulación.
- 5.- O tickado electrónico dos puntos de control faránse en orden ascendente.

IMPORTANTE: A tarxeta PCard será descargada ao finalizar a proba na zona de cronometraxe e serán entregadas á organización todas aquelas tarxetas prestadas ou alugadas á organización. Todo participante da andaina que abandone a proba ha de comunicalo á organización e entregar a tarxeta SI alugada ou prestada (isto é fundamental ademáis para saber que non temos a ninguén perdido no monte).

- 6.- No mapa van impresos os teléfonos da organización. Aínda que se chame a urxencias do 061 no caso dunha urxencia vital ha de comunicarse posteriormente á organización.

NORMATIVA TRAIL RUNNING

- 1.- A idade mínima para participar é de 16 anos . Os menores de 18 terán que ter autorización dos seus pais ou titores legais (a que se declarará automaticamente na plataforma de inscrición tracktherace.com)
- 2.- O mapa será entregado pola organización uns 5 minutos antes do inicio da proba e non poderá ser visto ata que esta o ordene. Mostrarase a situación do punto control nº 1 en varios carteis tamaño A4 na zona da saída hasta 20 minutos antes da saída da proba.
- 3.- Baixo ningún concepto poderanse tirar no monte envoltorios de barritas, xeles, etc. (se se demostrase esta infracción o corredor quedará automaticamente descalificado)
- 4.- No percorrer da proba por estradas asfaltadas o participante observara a normativa de circulación.
- 5.- Podérase sair dos camiños coa intención de buscar un atallo ou atroche entre balizas.

6.- As zonas onde se atope balizado con cinta (e reflectido no mapa) é vontade do corredor seguir o percurso marcado ou ir por outro que pense máis axeitado.

7.- Ningún corredor poderá seguir a outro de forma continuada durante o percorrido aproveitándose da orientación dun competidor, si se observase por parte dos membros da organización este tipo de comportamento ou si outro corredor ou corredores denunciasesen esta situación podería conlevar a descalificación do mesmo por parte da organización, unha vez escoitados os actores.

8.- O tickado dos puntos de control só é válido na tarxeta electrónica da súa propiedade ou que lle alugue ou facilite a organización para a proba, a cal descargarse ao finalizar a mesma para poder saber os tempos realizados no percorrido. Non será válido o tickar no mapa da proba salvo erro da estación de control; o erro da tarxeta electrónica por non estar a memoria libre considerase un fallo do corredor por non haber procedido á súa limpeza na saída da proba (CLEAN AND CHECK)

9.- Ningún corredor poderá realizar o tickado do punto de control doutro corredor da proba, cada corredor ha de tickar coa súa propia tarxeta electrónica (se se demostrase esta infracción o corredor quedará automaticamente descalificado)

10.- O tickado ou paso polos puntos de control terá que facerse en orde crecente de numeración sen saltarse ningún control.

IMPORTANTE: A tarxeta SI será descargada ao finalizar a proba na zona de cronometraxe e serán entregadas á organización todas aquelas tarxetas prestadas ou alugadas á organización. Todo participante da andaina que abandone a proba ha de comunicalo á organización e entregar a tarxeta SI alugada ou prestada (isto é fundamental ademais para saber que non temos a ninguén perdido no monte).

11.- O trail running con orientación farase en autosuficiencia, polo que non se poderá ter a unha persoa/as que lle proporcionen avituallamiento ao corredor (se se demostrase esta infracción o corredor quedará automaticamente descalificado)

12.- Se o dorsal se desprendera da camiseta durante o transcurso da proba o corredor ha de indicar á organización o número que posuía sempre que lle sexa requirido, se non o soubese dirá o seu nome e apelidos.

13.- O teléfono só pode ser usado en caso de urxencia.

14.- No mapa van impresos os teléfonos da organización. Aínda que se chame a urxencias do 061 no caso dunha urxencia vital ha de comunicarse posteriormente á organización.

PROTECCIÓN DE DATOS

Os datos de carácter persoal aportados na inscrición á organización serán incluídos nun fichero do cal é responsable a entidade organizadora (Club Gallaecia Raid) os cales van ser tratados única e exclusivamente para calquera asunto relacionado coa organización desta proba en concreto ou para ofertar aos participantes outras probas futuras de similares características organizadas por Gallaecia Raid. Así mesmo autorízase a que se publique o seu nome e apelidos na relación de inscritos e nos resultados finais da proba nas web públicas, medios de comunicación ou se publiquen nun listado no lugar do evento, así como pola megafonía do evento.

Tamén se autoriza á organización a publicar fotografías nas que apareza o interesado na devandita proba, en páxinas web públicas e medios de comunicación. Se algún participante tivese algún impedimento polo uso dos seus datos segundo o exposto pode solicitar mediante correo electrónico aos organizadores a súa oposición a este tratamento secretaria@gallaecia.es . Así mesmo en calquera momento os interesados terán dereito a acceso, rectificación, cancelación e oposición que poderán ser exercitados mediante petición por correo electrónico dirixido a secretaria@gallaecia.es .